

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudósio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 10.05 horas do día catorce de febreiro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, o titular da Asesoría Xurídica, non asistiu.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(140).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7.02.2001 e extraordinaria e urxente do 9.02.2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(141).- CONCESIÓN DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 172/02, 3425/02, 639/11 E 2717/13.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, do 7.02.11 e 2.02.11, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D^a Francisca Aceiro Sánchez. Expte. 172/02.
- D. Jesus Carlos Ramos San Gregorio. Expte. 3425/02.
- D^a Delfina Castro Alonso. Expte. 639/11.
- D. Umbalina Ramos Martínez. Expte. 2717/13.

3(142).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE PINTOR COLMEIRO. EXPTE. 19121/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 26.01.2011, conformado pola concelleira de Contratación, co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización do 3.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión solicitada polo concesionaria do aparcadoiro da rúa Pintor Colmeiro, Eloymar y Transvias UTE, nos seguintes termos:

- O importe das tarifas a percibir dos usuarios nas prazas rotatorias, referidas a anualidade 2011, quedan establecidas en 0,0286 euros/minuto.
- A cota trimestral de mantemento que aboaran os titulares das prazas de cesión de uso será de 103,34 euros.

4(143).- REVISIÓN DE TARIFAS DO APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DE URZAIZ. EXPTE. 19120/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 24.01.2011, conformado pola concelleira de Contratación, co fiscalizado de conformidade da xefa do servizo de Fiscalización do 3.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de Tarifas no aparcadoiro da rúa Urzáiz, adxudicado a entidade U.T.E. “Eloymar y Tranvias Electricos de Vigo”, a partir da data de aprobación do presente acordo,

por aplicación do incremento do IPC decembro 2009/2010, de 3%, fixando a tarifa/minuto por uso do servizo de aparcadoiro na cantidade de:

- 0,0363 nos primeiros 80 minutos.
- 0,0272 a partir do minuto 81.

5(144).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA CONTRATAR A VIXILANCIA DA SAÚDE 2011-2014. EXPTE. 20247/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 9.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L.

2º.- SOCIEDAD DE PREVENCIÓN ASEPEYO, S.L.

Segundo.- Requirir a empresa clasificada en primeiro lugar SOCIEDAD DE PREVENCIÓN FREMAP, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Requirir a empresas clasificada en primeiro lugar o aboamento de 678, 86 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

6(145).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) CAIXANOVA. EXPTE. 3303/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 2.02.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CAIXANOVA a fianza de 6.000 € constituída para responder da prestación de servizos de natureza financeira xa que foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) ELOYMAR TRANVIAS. EXPTE. 3390/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, director dos servizos técnicos, do 20.12.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Aprobar o **Proxecto Definitivo “Estado de Medicións e Características da Obra Executada” e Anexos** do aparcamento en concesión de Policarpo Sanz, redactado polos arquitectos Salvador Fraga Rivas, Javier García-Quijada Romero e Manuel Portolés Sanjuán, visados polo COAG ó 14/12/2010 e ó 12/11/2010.

2.- Dar traslado dos anexos os Servizos Municipais e empresas de servizo correspondentes.

3.- Aprobar a devolución da garantía correspondente a este aparcamento de Pintor Colmeiro.

7(146).- ABOAMENTO DE INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DO COMITÉ DE EXPERTOS EN PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN PARA O SERVIZO DE CULTURA E BIBLIOTECAS. EXPTE. 12917/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, do 9.02.11, conformado polo concelleiro delegado da área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

“Autorizar o aboamento de indemnizacións por razón do servizo, aos membros do comité de expertos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación 12179/331 (de subministración de fondos bibliográficos) e 12178/331 (de servizos bibliotecarios), aprobadas pola Xunta de Goberno local do 11 de outubro de 2010; pola súa pertenza a administracións públicas.”

8(147).- MODIFICACIÓN DA RPT DO ORGANISMO AUTÓNOMO ADMINISTRATIVO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES ANO 2011. EXPTE. 10300/333.

Retirouse da orde do día.

9(148).- APROBACIÓN DAS MEMORIAS PARA PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN 2011. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DAS MEMORIAS APROBADAS. EXPTE. 7908/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Promoción Económica e Emprego, do 14.02.2011, conformado polo concelleiro da área, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1.- Aprobar as memorias para presentar a convocatoria de Programas de Cooperación 2011, que se resumen no cadro adxunto.
- 2.- Solicitar a Xunta de Galicia unha subvención de 3.637.440,87 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.
- 3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.
- 4.- Delegar no concelleiro de Promoción Económica , Emprego e Participación Cidadá a representación do Concello de tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

10(149).- AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANÓN A AQUALIA, CORRESPONDENTE Ó PERIODO MAIO-XUÑO 2010. EXPTE. 38/141.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Investimentos, do 14.02.2011, e co informe do Interventor Xeral do 4.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período Maio-Xuño de 2010 por un importe de 180.897,69€ que corresponde a un volume de facturación 6.029.923m3.
- 2º Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata abril 2010 por un importe de 34.438,02€
- 3º Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á Recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

11(150).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE NO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 7522/306.

Dase conta dos expedientes de gasto menor tramitados no servizo de Medio Ambiente no mes de xaneiro de 2011, segundo informe da xefa do servizo de data 2-02-2011, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.

EXPTE.: 7522/ 306 - CONTRATOS MENORES - Xaneiro 2011							
Expte	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
7510/ 306	1720.220.00.00	CMSUB	Adquisición de material de oficina non inventariable	Varios	12/ 01/ 2011	27/ 01/ 2011	500,00 €
7511/ 306	1720.220.01.00	CMSUB	Adquisición de libros e suscripción de publicacións actualizables	Varios	12/ 01/ 2011	27/ 01/ 2011	1.200,00 €
7512/ 306	1720.220.02.00	CMSUB	Adquisición de material informático	Varios	12/ 01/ 2011	27/ 01/ 2011	2.000,00 €
7513/ 306	1720.221.04.00	CMSUB	Adquisición de vestuario para o persoal de Medio Ambiente	Varios	12/ 01/ 2011	27/ 01/ 2011	1.200,00 €
7514/ 306	1720.226.01.00	CMSER	Gastos derivados de atencións protocolarias	Varios	12/ 01/ 2011	27/ 01/ 2011	600,00 €
7509/ 306	1720.227.99.00	CMSER	Contratación de persoal de apoio e medios técnicos derivados de eventos e exposicións do departamento	Varios	11/ 01/ 2011	11/ 01/ 2011	3.000,00 €
7515/ 306	1720.227.99.09	CMSER	Gastos da recollida e tratamento de animais mortos	Varios	12/ 01/ 2011	27/ 01/ 2011	1.000,00 €
7516/ 306	1720.227.99.10	CMSER	Gastos da xestión e tratamento de neumáticos	Varios	12/ 01/ 2011	24/ 01/ 2011	700,00 €
7517/ 306	1720.227.99.11	CMSER	Gastos de custodia e alimentación de animais atopados na vía pública	Varios	12/ 01/ 2011	26/ 01/ 2011	2.500,00 €
7520/ 306	1721.210.00.00	CMSUB	Adquisición de material preciso para o mantemento dos areas	Varios	12/ 01/ 2011	24/ 01/ 2011	3.000,00 €
7521/ 306	1721.213.00.00	CMSER	Gastos de conservación e mantemento de maquinaria de praias	Varios	12/ 01/ 2011	24/ 01/ 2011	1.000,00 €

12(151).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO “PROXECTO DE OBRAS DUN MERCADO TEMPORAL NO MERCADO DO PROGRESO”. NOMEAMENTO DE SUPERVISORES MUNICIPAIS. EXPTE. 1198/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor en materia de Mercados do Concello de Vigo, do 9.02.2011, co visto e praxe do Tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras do “Proyecto de Mercado Temporal na Praza do Progreso” presentado por ORECO SA coma adxudataria das obras e informado favorablemente polo coordinador en materia de seguridade e saúde, D. Jesús Damiá Rodríguez.

SEGUNDO.- O Plan de seguridade e saúde deberá estar na obra a disposición permanente da dirección facultativa da mesma, da Inspección de Traballo e dos técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde nas Administracións públicas competentes, de acordo co establecido nos artigos 7.5 e 19 do RD 1627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

TERCEIRO.- Aprobar o nomeamento dos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso coma supervisores municipais das obras.

13(152).- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO “PROXECTO DE REFUERZO DE 529’02 M2 DE ESTRUCTURA DE FORJADO EN LA PLAZA DEL PROGRESO PEM 118.912’21 €”. NOMEAMENTO DE SUPERVISORES MUNICIPAIS. EXPTE. 5256/551.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do asesor en materia de Mercados do Concello de Vigo, do 9.02.2011, co visto e praxe do Tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde das obras do “proyecto de reforzo de 529’02 m2 de estrutura de forxado en la praza del progreso pem 118.912’21 €” presentado por ORECO SA coma adxudicataria das obras e informado favorablemente polo coordinador en materia de seguridade e saúde, D. Jesús Damiá Rodríguez.

SEGUNDO.- O Plan de seguridade e saúde deberá estar na obra a disposición permanente da dirección facultativa da mesma, da Inspección de Traballo e dos técnicos dos órganos especializados en materia de seguridade e saúde nas Administracións públicas competentes, de acordo co establecido nos artigos 7.5 e 19 do RD 1627/97, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

TERCEIRO.- Aprobar o nomeamento dos arquitectos municipais D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodriguez-Cadarso coma supervisores municipais das obras.

14(153).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 1214/334.

Dar conta dos expedientes de gasto menor tramitados no servizo de Normalización Lingüística no mes de xaneiro 2011, segundo proposta da técnica do servizo, de data 2.02.2011, conformada pola concelleira delegada de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística.

Expediente	1207/334. Realización de portes
Decreto concelleira	data 20 de xaneiro de 2011
Informe Intervención	RC 5777
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	3.000,00 euros

Expediente	1208/334. Publicidade de distintos eventos ou información
------------	---

Decreto concelleira	data 20 de xaneiro de 2011
Informe Intervención	RC 5776
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	6.000,00 euros

Expediente	1209/334. Adquisición de libros e outras publicacións
Decreto concelleira	data 20 de xaneiro de 2011
Informe Intervención	RC 5536
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	600,00 euros

Expediente	1210/334. Actividades de dinamización
Decreto concelleira	data 24 de xaneiro de 2011
Informe Intervención	RC 5522
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	20.000,00 euros

Expediente	1211/334. Actividade "Camiño da lingua"
Decreto concelleira	data 24 de xaneiro de 2011
Informe Intervención	RC 5523
Adxudicatario	Mekané Didáctica
Importe	8.856,00 euros

Expediente	1212/334. Actividades de contos, música, teatro e danza
Decreto concelleira	data 24 de xaneiro de 2011
Informe Intervención	RC 5521
Adxudicatario	Servando Barreiro Fernández
Importe	11.800,00 euros

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

15(154).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS PARA O CONTROL DE VEHÍCULOS RENTING POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34581/212.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do adxunto xurídico da Policía Local, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade, Transportes e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Nomear aos funcionarios D. José Luís Amoedo Moreira, D. Alberto Freire Estévez e D. José Bouzas Novas segundo o disposto no apartado 16.1.1 da folla de especificacións do contrato, en relación có punto 12.1 do prego das cláusulas técnicas do concurso para a contratación do fornezo de vehículos para a Policía Local, en réxime de arrendamento (renting).

16(155).- DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE XUBILACIÓN OBRIGATORIA DE D. MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 21779/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión e Recursos Humanos, do 8.02.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

“Primeiro.- Declarar o pase a situación administrativa de xubilación forzosa do empregado municipal D. MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ, con nº de persoal 11280, operario-peón, con posto de traballo de ordenanza-porteiro, grupo E, adscrito ao servizo de Bibliotecas, por cumprimento dos 65 anos de idade, en aplicación do previsto no artigo 67.1.b) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización) aos efectos oportunos, significándose que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

17(156).- EXECUCIÓN DE AUTO DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3, NOS AUTOS 1021/2009 -EXECUCIÓN 123/2010-, SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITO DE CANTIDADES A Dª CARMEN MOURIÑO BARROS. EXPTE. 21776/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 2.02.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 4.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda prestar conformidade a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1.- En data 10 de febreiro de 2010, o Xulgado do Social N° 3 dos de Vigo, dictou sentenza no procedemento 1021/2009, interposto por D^a CARMEN MOURIÑO BARROS, na que se falla literalmente que:

“Que estimando la demanda interpuesta por D^{ÑA}. CARMEN MOURIÑO BARROS contra el AYUNTAMIENTO DE VIGO, debo declarar y declaro que la demandante tiene la condición de trabajadora indefinida por cuenta ajena, como personal laboral, del Ayuntamiento demandado, condenado a esta entidad a estar y pasar por esta declaración , y al abono de 6.427,74€”.

2.- Pola demandante D^a Carmen Mouriño Barros, solicítase ao Xulgado a execución da sentenza, por un principal de 6.427,74 euros, recibíndose con data 7 de xuño de 2010, auto de execución de títulos xudiciais do xulgado do social n° 3 instando a execución da sentenza que condena ao Concello de Vigo ao abono da cantidade antes mencionada

3.- Dita sentenza executouse en parte por este Concello por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro de 2010, no que respecta a declaración de persoal laboral indefinido, quedando pendente a parte correspondente a cantidades.

4.- Con data 4 de novembro de 2010 solicitáronse instrucións á Asesoría Xurídica Municipal en relación con outra sentenza de igual fallo, remitindo o Titular da Asesoría a este Servizo de Recursos Humanos con data 10 de novembro seguinte, no que manifesta a procedencia de executar a resolución xudicial firme.

5.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo da cantidade a percibir polo interesado, correspondente as diferencias entre o percibido e o deixado de percibir durante o período do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2009, resultando un importe de 6.427,74 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “*Défense de l'esprit des lois*” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está

suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 16-07-2007, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 7.727,74 € con cargo a partida 1210.1410000 e da parte correspondente á seguridade social por importe de 2.086,74 € con cargo a partida 92201600000, segundo o seguinte desélose:

ANO 2008 desde 1 de agosto)	CNAE 2,15%	SS Emp. 31,10%	SS Trabaja. 6,40 %	IRPF 15%
2544,7	54,71	791,4	162,68	381,71
AÑO 2009 (hasta 31/07/09)	CNAE 2,05%	SS Empr. 29,90%	SS Trabaja. 6,35%	IRPF 15%
3883,04	79,6	1161,03	246,57	582,46

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“**PRIMEIRO.**- Proceder a dar cumprimento á providencia do Xulgado do Social Nº 3 na execución 104/2010, nos autos seguidos a instancia de Dª Carmen Mouriño Barros, en relación coa sentenza ditada no procedemento 1021/2009 de dito Xulgado, de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1-08-2008 ao 31-07-2009, por importe de 6.427,74€ en concepto de principal e 1.300 € presupostados provisionalmente para intereses e costas

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo traballador (409,25 €) e IRPF (964,17 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 012310.

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

18(157).- EXECUCIÓN DE AUTO DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4, NO PROCEDIMENTO 938/09 -EXECUCIÓN 184/2010-, SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITO DE CANTIDADES A Dª MÓNICA LÓPEZ-CORONADO CARNERO. EXPTE. 21777/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 2.02.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 4.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda prestar conformidade a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1.- En data 23 de febreiro de 2010, o Xulgado do Social Nº 4 dos de Vigo, ditou sentenza no procedemento 938/2009, interposto por Dª Mónica López-Coronado Carnero, na que se falla literalmente que:

“Que estimando la demanda interpuesta por Dª MONICA LOPEZ-CORONADO CARNERO contra el AYUNTAMIENTO DE VIGO, se declara la condición de la demandante como personal indefinido del ayuntamiento demandado, como técnico medio, grupo A2, condenando al demandado a estar y pasar por tal declaración y a que se le abone la suma de 14.402,19 euros en concepto de diferencias salariales del período 01-08-08 a 31-07-09.”

2.- Por dito Xulgado remítese con data 22 de setembro de 2010, auto de execución no que se insta a execución de dita sentenza así como ao abono de 2.304,35 euros provisionais para intereses e costas.

3.- Dita sentenza executouse en parte por este Concello por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro de 2010, no que respecta a declaración de persoal laboral indefinido, quedando pendente a parte correspondente a cantidades.

4.- Con data 4 de novembro de 2010 solicitáronse instrucións á Asesoría Xurídica Municipal en relación con outra sentenza de igual fallo, remitindo o Titular da Asesoría a este Servizo de Recursos Humanos con data 10 de novembro seguinte, no que manifesta a procedencia de executar a resolución xudicial firme.

5.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo da cantidade a percibir polo interesado, correspondente as diferencias entre o percibido e o deixado de percibir durante o período do 1 de agosto de 2008 ao 31 de xullo de 2009, resultando un importe de 16.706,54 € (14.402,19 € de principal mais 2.304,35 € aproximadamente calculados para intereses e costas).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdicional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residencia con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “*Dèfense de l'esprit des lois*” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 16-07-2007, corresponde á

Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 16.706,54 € con cargo a partida 1210.1410000 e da parte correspondente á seguridade social por importe de 4.676,69 € con cargo a partida 92201600000, segundo o seguinte desglose:

AÑO 2008 (1-08 a 31-12-08)	CNAE 2,15%	SS Emp. 31,10%	SS Trabaj. 6,40 %	IRPF 15%
5.773,65	124,13	1.795,61	369,51	866,05
AÑO 2009 (1-1 a 31-07-09)	CNAE 2,05 %	SS Empr. 29,90%	SS Trabaj. 6,35%	IRPF 15%
8.628,97	176,89	2.580,06	547,94	1.294,35

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento ao auto do Xulgado do Social Nº 4 na execución 184/2010, nos autos seguidos a instancia de D^a Mónica López-Coronado Carnero, en relación coa sentenza dictada no procedemento 938/2009 de dito Xulgado, de abono de diferencias salariais no período comprendido entre o 1-08-2008 ao 31-07-2009, por importe de 14.402,62 € en concepto de principal e 2.304,35 € presupostados provisionalmente para intereses e costas.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo traballador (917,45 €) e IRPF (2.160,40 €), así como 2.304,35 € de intereses e costas, efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 4 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3629 0000 64 018410.

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da

Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

19(158).- EXECUCIÓN PROVIDENCIA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 4, NO PROCEDEMENTO 939/2009 -EXECUCIÓN 207/2010-, SOBRE RECOÑECIMIENTO DE DEREITO DE CANTIDADES A Dª SONIA RODRÍGUEZ RICART. EXPTE. 21745/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 17.01.2011, conformado pola xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 1.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda prestar conformidade a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1.- En data 30 de novembro de 2009, o Xulgado do Social Nº 4 dos de Vigo, ditou sentenza no procedemento 939/2009, interposto por Dª Sonia Rodríguez Ricart, na que se falla literalmente que:

“Que estimando la demanda que en materia de RECONOCIMIENTO DE DERECHO Y CANTIDADES ha sido interpuesta por DÑA. SONIA RODRIGUEZ RICART, contra el AYUNTAMIENTO DE VIGO, debo declarar y declaro el derecho de la actora a tener la consideración de personal indefinido y ser retribuida como tal, así como que se le abonen en concepto de diferencias salariales, por el período correspondiente a 1 de septiembre de 2008 a 31 de julio de 2009, la cantidad de 14.402, 64 euros, condenando al AYUNTAMIENTO DE VIGO a estar y pasar por tal declaración y al abono de la citada cuantía, así como el 10% de intereses legales por mora”.

2.- Con data 10 de decembro de 2009, pola representación procesal do Concello de Vigo, solicitouse aclaración no sentido de que se aclare que a diferenza debida, segundo os parámetros recollidos na sentenza, debe ser de 11.367,59 euros, e sen dereito ao 10% desa cantidade, resolvendo dito Xulgado con data 15 de decembro seguinte “no ha lugar a la rectificación pretendida por la parte demandante de la sentencia de fecha 30 de noviembre de 2009 ditada en este procedimiento”.

3.- Pola parte Concello de Vigo anunciouse recurso de suplicación contra a anterior resolución de data 14-12-09, formalizándose en data 22-03-10, presentándose escrito de desestamento de dito recurso de suplicación con data 3-06-10.

4.- Pola demandante Dª Sonia Rodríguez Ricart, solicítase ao Xulgado a execución da sentenza, por un principal de 11.376,90 euros, recibíndose con data 29 de xuño de 2010, auto de execución de títulos xudiciais do xulgado do social nº 4 instando a execución da sentenza que condena ao Concello de Vigo ao abono da cantidade antes mencionada, sendo reiterado con data 13 de xaneiro de 2011.

5.- Dita sentenza executouse en parte por este Concello por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de setembro de 2010, no que respecta a declaración de persoal laboral indefinido, quedando pendente a parte correspondente a cantidades.

6.- Con data 4 de novembro de 2010 solicitáronse instrucións á Asesoría Xurídica Municipal en relación con outra sentenza de igual fallo, remitindo o Titular da Asesoría a este Servizo de Recursos Humanos con data 10 de novembro seguinte, no que manifesta a procedencia de executar a resolución xudicial firme.

7.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo da cantidade a percibir polo interesado, correspondente as diferencias entre o percibido e o deixado de percibir durante o período do 1 de setembro de 2008 ao 31 de xullo de 2009, resultando un importe de 12.514,59 € (11.376,90 € de principal mais 1.137,69 € aproximadamente calculados para intereses e costas).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por estes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “*Défense de l'esprit des lois*” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na **Sentenza 66/1982, de 12 de novembro**, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 16 de decembro do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 4904/2008

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 16-07-2007, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo

informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 12.514,59 € con cargo a partida 1210.1410000 e da parte correspondente á seguridade social por importe de 3.701,73 € con cargo a partida 92201600000, segundo o seguinte desglose:

ANO 2008 desde 1 de setembro)	CNAE 2,15%	SS Emp. 31,10%	SS Trabaja. 6,40 %	IRPF 15%
4.618,92	99,31	1.436,48	295,61	692,84
AÑO 2009 (hasta 31/07/09)	CNAE 2,05%	SS Empr. 29,90%	SS Trabaja. 6,35%	IRPF 15%
6.757,98	145,30	2.020,64	429,13	1.013,70

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Proceder a dar cumprimento á providencia do Xulgado do Social Nº 4 na execución 207/2010, nos autos seguidos a instancia de Dª Sonia Rodríguez Ricart, en relación coa sentenza ditada no procedemento 939/2009 de dito Xulgado, de abono de diferenzas salariais no período comprendido entre o 1-09-2008 ao 31-07-2009, por importe de 11.376,90 € en concepto de principal e 1.137,69 presupostados provisionalmente para intereses e costas.

SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo traballador (724,74 €) e IRPF (1706,54 €), así como 1.137,69 € de intereses e costas, efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 1 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3629 0000 64 020710.

TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 4 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

20(159).- NOMEAMENTO INTERINO DE TRES AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL, POR ACUMULACIÓN E TAREFAS, POLO PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 21778/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 2.02.2011, conformado pola xefa da área de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 4.02.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Declara-la urxencia para proceder ó nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares administrativos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades dos Servizos de Dirección de Ingresos e Rexistro Xeral, contidas nos escritos de datas 22 de decembro de 2010 e 7 de xaneiro de 2011.

Segundo.- Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como auxiliares de administración xeral por un período máximo de seis meses, á D^a. ALICIA CARDALDA DIZ, DNI nº 35.467.963-P, D^a. SUSANA TREZADO CARRO, DNI 36.171.826-W, e D^a. VERÓNICA PÉREZ CALZADO, DNI 36.100.769-S, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios do último proceso de selección de persoal convocado para o nomeamento de Auxiliares de Administración xeral por acumulación de tarefas, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro do 2008 e na Instrución conxunta das Secretarías Xerais para a Administración Pública e de Orzamentos e Gastos sobre procedementos de autorización de contratos de persoal laboral e nomeamento de funcionarios interinos, así como co disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Terceiro.- Autoriza-lo gasto por importe de 32.242,77€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00-outras modalidades de contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Cuarto.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos.”

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

21(160).- AXUDAS ECONOMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA AS MULLERES VITIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. AUTORIZACIÓN DO GASTO. EXPTE. 4758/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo, do 29.12.2010, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

“1º. Autorizar o gasto de 10.000,00 Euros, con cargo á partida 2311 4800000 do orzamento aprobado para o exercicio 2011, para facer fronte aos gastos que orixinan as axudas económicas directas de apoio para as mulleres vítimas de violencia de xénero, facultando á Concelleira delegada de Igualdade para a concesión das concretas axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero.

2º.-Aprobar a realización dun libramento a xustificar por importe máximo de 10.000,00 euros, a nome das funcionarias Cristina Gómez García, con DNI número 36.098.882-Z, xefa do servizo de Igualdade e Amalia Mª Gándara Fernández, con DNI número 36.107.637Y, traballadora social adscrita ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, para facer efectivo os anteditos gastos, que se farán efectivos na conta restrinxida da Tesourería Municipal.

3º.- Aprobar o marco de actuación do proxecto de subvencións directas de axudas económicas de apoio para ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

22(161).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO, ADXUDICADO A EMPRESA CLECE S.A. EXPTE. 38732/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 18.01.2011, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 31.01.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Modificar o contrato de prestación dos servizos de axuda no fogar do concello de Vigo, adxudicando a empresa CLECE, S.A., por acordo a XGL de data 22 de maio de 2009, por aumento do número de horas de prestación do servizo ata o 31 de maio de 2011.

2º.- O importe da modificación é de 401.666,67 euros, que poderán ser imputadas á partida 2310.227.99.01 do vixente presuposto.

3º.- Previamente a formalización da modificación do contrato CLECE S.A., deberá constituír garantía definitiva por importe de 18.595,68 euros.

23(162).- MEMORIA VALORADA DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA INTERSECCIÓN DAS RÚAS BALEARES E GRAN VIA. EXPTE. 779/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefe de área de Servizos Xerais, do 11.02.2011, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar a memoria valorada das obras de acondicionamento e mellora da intersección das Rúas Baleares e Gran Vía, por importe de 58.827,61 (cincoenta e oito mil oitocetos vinteseite euros con sesenta e un céntimos) Euros.

24(163).- PROXECTO DENOMINADO “DIFUSIÓN COOPERATIVA”. SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN. EXPTE. 7972/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, do 11.02.2011, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar o proxecto denominado “**DIFUSION COOPERTIVA**”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.
- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa regulada pola orde do 31 de decembro de 2010 pola que se convocan as bases reguladoras para a solicitude de subvencións destinadas aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo.
- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais do ano 2011, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión do proxecto

- Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención e da validación do proxecto “**DIFUSION COOPERATIVA**” diante da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

25(164).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 10.10 h.
Como secretaria dou fe.

am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.